

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**, sucesivas e puntuadas, respectivamente, con 3, 2, 2 e 3 puntos. As preguntas 1, 2 e 3 serán realizadas no caderno de exame; a pregunta 4 realizarase nunha folla DIN A-3 proporcionada ao efecto, que, ao terminar, hase de incluír dentro do caderno. Na valoración das preguntas 3 e 4 tamén se terá en conta a calidade e limpeza na execución.



Diseño de Cruz más Cruz

Cartel para o documental de Andrea G. Bermejo e Miguel Larraya, que relata a historia dun dos deseñadores máis importantes das últimas décadas. Mostra como Cruz Novillo interveu no cambio e modernización do deseño gráfico en España.

Fonte da imaxe: <https://www.cruznovillo.com/proyectos/el-hombre-que-diseno-espana/>

https://www.rtve.es/alcarta/videos/diasdecine/directo_cms_rtve_arribaizquierda_09_el_hombre_que_dise_o_esp_a_09_04_2020_142417/5554684/

PREGUNTA 1. CONCEPTO, HISTORIA E CAMPOS DO DESEÑO: ANÁLISE.

Analice o cartel proposto e faga un **comentario crítico** sobre o mesmo. **(3 puntos)**

PREGUNTA 2. O DESEÑO: CONFIGURACIÓN E METODOLOXÍA.

Partindo da análise e comentario crítico do cartel co lema: “O home que deseñou España”, faga os **borradores e bosquejos** necesarios para propor outro cartel co lema: “A muller que deseñou Galicia”. **(2 puntos)**

PREGUNTA 3. DESEÑO GRÁFICO: SISTEMAS E TÉCNICAS DE REPRESENTACIÓN.

Partindo dos borradores e bosquejos anteriores, seleccione e aplique os **sistemas e/ou técnicas de representación** máis adecuados para a proposta definitiva. **(2 puntos)**

PREGUNTA 4. DESEÑO GRÁFICO: PROPOSTA.

Partindo das conclusións ás que ten chegado despois de resolver os exercicios das tres preguntas anteriores, formule una **proposta final** de deseño para un cartel distinto, que reflecta o lema: “**A muller que deseñou Galicia**”. **(3 puntos)**